

DECRETO

Excmo. Sr. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 8/2026 PARA DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DA COTA 2026 DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE LUGO Á ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE DESTINOS PARA A PROMOCIÓN DO TURISMO GASTRONÓMICO (SABOREA ESPAÑA).

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm.: 8/2026, por un importe total de **6.250,00 €** dentro do vixente orzamento do exercicio 2026, prorrogado do exercicio 2025, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas da cota 2026 de adhesión do Concello de Lugo á Asociación Española de Destinos para a Promoción do Turismo Gastronómico (Saborea España).

Visto o informe do Servizo de Desenvolvemento Local, asinado pola súa xefa, María Isabel Villamar Cabado, o 23.03.2026, coa conformidade do responsable da área xestora, Mauricio Vitorio Repetto Morbán, no que se comunica a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no Orzamento Xeral municipal prorrogado para o exercicio 2026 para levar a cabo o abono de dita cota de socio 2026, así como a dispoñibilidade orzamentaria das aplicacións orzamentarias que ceden crédito, sinaladas a continuación, segundo se acredita nos estados de execución orzamentaria.

Vista a proposta do Excmo. Sr. Alcalde do Concello de Lugo, don Miguel Fernández Méndez, do día 25.03.2026, de solicitude da tramitación dun expediente de modificación orzamentaria na modalidade de transferencia de crédito, polo importe de 6.250,00 €, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas da da cota 2026 de adhesión do Concello de Lugo á Asociación Española de Destinos para a Promoción do Turismo Gastronómico (Saborea España).

Visto igualmente o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 2026/456, do 26.03.2026, así como o RCMOD Ref.: 13478/2026, por importe de 6.250,00 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

INTERVENCIÓN

LVP/arm

Refª: ispac3600569426931926572.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 8/2026 ET EDENDO LUCUS-SABOREA ESPAÑA

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 6.250,00 € para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIONES ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIONES ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>C.P.</u>	<u>IMPORTE €</u>
43200.22699	6.250,00 €	43200.48900	23MRRXX43201	6.250,00 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	6.250,00 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		6.250,00 €

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.